



MOCIÓN PARA A DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA

A Xunta de Voceiros, reunida o 31.01.2020, acorda levar ao pleno a seguinte moción para a defensa da sanidade pública galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 43 da Constitución recolle o dereito á protección da saúde, indicando que compete aos poderes públicos organizar e tutelar a saúde pública a través de medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios.

En Galicia, o Estatuto de Autonomía recolle no artigo 33 que corresponden a Galicia o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica en materia de sanidade interior.

A axeitada asistencia sanitaria é un servizo esencial que debe defenderse para que á veciñanza se lle garanta a mesma atención, con independencia de onde vivan.

A política sanitaria da Xunta de Galicia, presidida por Feijoo, baséase en recorte de recursos, abandono dos Centros de Atención Primaria, desmantelamento de hospitais comarcais, ocultación e manipulación de listas de espera, precarización e explotación do persoal e privatizacións, o que está levando á sanidade pública a un punto de difícil retorno se non a freamos entre todas e todos.

As protestas da Atención Primaria, o levantamento da poboación de Verín contra o peche do paritorio e a supresión das urxencias pediátricas do seu hospital, as protestas de nais e pais contra a falta de pediatras, son algunhas das manifestacións do malestar cidadán e profesional fronte a esta emerxencia sanitaria.

No Concello de Bueu levamos moitos meses sen dispoñer da segunda praza de pediatría, polo que é unha única profesional a que debe facer fronte a 1.400 cartillas, o que fai que merme a calidade do servizo, así como a súa duración, e mesmo incrementa as listas de espera. Cremos que a atención médica é imprescindible durante toda a vida, pero quizais é nas idades temperás onde existe maior necesidade. As nais e pais non poden estar agardando semanas enteiras para poder contar cunha cita pediátrica, algo que levamos padecendo no PAC de Bueu desde outubro. A este período hai que sumar o anterior (desde novembro de 2018 ata marzo de 2019) no que as nenas e nenos de Bueu foron atendidos por un só pediatra, que tivo que facer fronte a máis de 50 pacientes diarios.

Por esas datas organizouse unha manifestación en Bueu á que asistiron máis de 400 persoas que reclamaron a cobertura definitiva da segunda praza de pediatra e o dereito a unha atención primaria digna. A solución que nos deu a Xunta non foi suficiente e agora volvemos reclamar que se cubra, de forma definitiva, esta segunda praza de pediatría.

Co fin de atopar solucións no eido sanitario, o Concello celebrou dúas Mesas da Sanidade (o 16.10.2019 e o 27.01.2020), ás que asistiron membros da corporación



municipal bueuesa, representantes de colectivos veciñais, persoal do Centro de Saúde, e o xerente da EOXI Pontevedra – Salnés, D. José Ramón Gómez Fernández. Pero cremos que isto non é suficiente, que as explicacións dadas polo xerente non convencen á cidadanía que ve como día a día perde dereitos básicos en materia sanitaria, sobre todo nas áreas máis cativas e rurais.

Cremos que estamos ante un momento importante, en que a Corporación municipal como representantes do conxunto da cidadanía, indistintamente da forza política á que pertencen os seus membros, deberíamos traballar conxuntamente para que no noso Concello e na Área Sanitaria se poida dispor duns servizos sanitarios públicos de calidade. Non se pode nin se debe admitir a deterioración do noso sistema polos recortes e privatizacións do Sistema Sanitario Público.

Por todo o anteriormente exposto, propónse ao pleno da corporación municipal de Bueu a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Esixir ao Servizo Galego de Saúde á cobertura, de forma inmediata e definitiva, da segunda praza de pediatría do Centro de Saúde de Bueu.
2. Demandar ao goberno galego a adecuación dos orzamentos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde ás necesidades reais do noso Centro de Saúde e dotalo do persoal suficiente, aspecto necesario para garantir unha atención sanitaria accesible, de calidade e de proximidade.
3. Apoiar a manifestación convocada por SOS SANIDADE PÚBLICA, para o vindeiro 9 de febreiro en Compostela.
4. Esixir o cese da política de desmantelamento e peche de servizos nos hospitais da nosa área.
5. Instar á Xunta a revisar os concertos cos hospitais e clínicas privadas e eliminar aqueles que non sexan necesarios, tal como dispón a lei Xeral de Sanidade.
6. Instar á Xunta a promover os mecanismos para reducir de xeito drástico as listas de espera e os tempos de demora das consultas de Atención Especializada, probas diagnósticas, cirurxía e procedementos terapéuticos, publicando as listas de espera ocultas para rematar coa manipulación das mesmas.



CONCELLO DE BUEU

ALCALDÍA

Rúa de Eduardo Vincenti, 8. 36930 - Bueu (Pontevedra)

TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099

CIF: P3600400J. Rex. E.111

7. Instar ao Goberno galego a paliar a carencia de recursos públicos sociosanitarios da Área sanitaria, actualmente moi insuficientes, dadas as características de idade da nosa poboación.
8. Instar á Xunta a acabar coa política de privatizacións de recursos e de derivacións de pacientes ás clínicas privadas de xeito innecesario.
9. Instar á Xunta a rematar coa política de persoal baseada na precariedade e na explotación laboral.
10. Instar á Xunta a impulsar un Plan de Mellora de Atención Primaria, da Saúde Mental e de Atención á Saúde das Mulleres.
11. Comunicar os acordos aprobados da presente moción á Consellería de Sanidade, ao conxunto da poboación e dar, cos medios posibles para o Concello, a máxima difusión ao seu contido.